

que require do ordenamento o establecemento de mecanismos áxiles e adecuados para resolver os problemas que se formulan na rede de estradas do Estado. E terceiro, pola necesidade de acompañar as facultades administrativas cos créditos necesarios para facer efectivas as compensacións que procedan ós afectados polas medidas acordadas.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Facenda e do ministro de Fomento e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de xuño de 2001,

DISPONGO:

Artigo primeiro. *Modificación do artigo 29 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas.*

O artigo 29 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas, terá a seguinte redacción:

«Artigo 29. O Ministerio de Fomento, sen prexuízo do establecido noutras disposicións e das facultades doutros departamentos ministeriais, poderá impoñer, no ámbito das súas competencias, cando as condicións, situacións, esixencias técnicas ou seguridade vial das estradas estatais o requirán, limitacións temporais ou permanentes á circulación en certos tramos ou partes das estradas. Compételle igualmente ó Ministerio de Fomento fixar as condicións das autorizacións excepcionais que, se é o caso, poidan ser outorgadas polo órgano competente e sinalizar as correspondentes ordenacións resultantes da circulación.

Cando das anteriores circunstancias derive a necesidade de desviar o tráfico dos vehículos que se determinen, pola totalidade ou parte dunha autoestrada explotada en réxime de concesión, o delegado do Goberno nas sociedades concesionarias de Autoestradas Nacionais de Peaxe poderá acordar a dita desviación e, en tal caso, logo de informe do Ministerio de Facenda e audiencia do concesionario, fixará as condicións de utilización da autoestrada con carácter temporal, establecendo a compensación que lle corresponde ó concesionario polos prexuízos que se orixinen, sen que sexa de aplicación o artigo 24 da Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión.

As limitacións á circulación ou calquera outra restricción adoptada e, se é o caso, os desvíos acordados, comunicaránelles ás autoridades competentes en materia de tráfico, circulación de vehículo de motor e seguridade vial, co obxecto de que estas adecuen as medidas de vixilancia, disciplina e regulación do tráfico, e manteñan actualizada a información que sobre as vías se lles ofrezan ós usuarios.»

Artigo segundo. *Financiamento.*

O financiamento necesario para atender os gastos que deriven das resolucións que dicte o delegado do Goberno nas sociedades concesionarias de Autoestradas Nacionais de Peaxe, de conformidade co previsto no artigo anterior, realizarase con cargo ó orzamento do Ministerio de Fomento, de conformidade co réxime de modificacións orzamentarias establecido no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, sen que resulten de aplicación as limitacións previstas no artigo 11.tres da Lei 13/2000, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2001.

Disposición derradeira primeira. *Efectos económicos iniciais.*

Este real decreto lei será aplicable así mesmo ás compensacións derivadas de actuacións anteriores á súa entrada en vigor, sempre que sexan como consecuencia das resolucións adoptadas polo delegado do Goberno nas sociedades concesionarias de Autoestradas Nacionais de Peaxe ou, se é o caso, polo xefe de demarcación de estradas, e que se relacionan no anexo, consistentes no financiamento estatal das peaxes polo tránsito de vehículos en autoestradas de peaxe en razón das mesmas circunstancias previstas no artigo 29 da Lei 25/1988.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de xuño de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO

1. Financiamento do 37,5 por 100 da peaxe polo tránsito de vehículos pesados pola autoestrada A-68 (Bilbao-Zaragoza), nos percorridos Cenicero-Agoncillo, Navarrete-Agoncillo e viceversa, con motivo da construción das obras da variante de circunvalación sur de Logroño e enlace coa rúa Piqueras, desde o 1 de maio de 1999 ata a recepción provisional das obras.

2. Financiamento parcial da peaxe polo tránsito de vehículos pesados na zona de Lleida da autoestrada A-2 durante a execución das obras dos tramos da N-II: Santa María del Camí-Igualada e Cervera-Santa María del Camí, consistente en 1.000 e 1.500 pesetas, por viaxe ou transacción ós vehículos do grupo tarifario pesados 1 e pesados 2, respectivamente, IVE incluído, desde o 27 de abril de 1999 ata a terminación das referidas obras.

3. Financiamento do 50 por 100 da peaxe polo tránsito de vehículos pola A-7 motivado polas obras de rehabilitación da ponte sobre o río Fluvià. CN-II, p. q. 739,9. Termo municipal de Bàscara (Girona), desde o día 12 de xullo de 1999 a marzo de 2000.

4. Financiamento de dous tercios da peaxe polo tránsito de vehículos de transporte no itinerario El Vendrell-Salou da autoestrada A-7, nas estacións de Tarragona (tronco e acceso) e do Vendrell (tronco e acceso) durante o período de execución das obras das variantes de Tarragona e Torredembarra-Altafulla, desde o día 10 de xaneiro de 1999 ata o 5 de marzo de 2001.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12072 *REAL DECRETO 662/2001, do 22 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas. («BOE» 150, do 23-6-2001, e 152, do 26-6-2001.)*

Desde a promulgación do Real decreto 1494/1991, do 11 de outubro, polo que se aprobou o Regulamento xeral de retribucións do persoal das Forzas Armadas, este sufriu modificacións, tanto expresas, pola promul-

gación doutros reais decretos que o modificaron, como tácitas, por se suprimiren conceptos e situacións recollidas nel, como consecuencia da entrada en vigor de disposicións doutra orde, non relacionadas directamente co sistema retributivo.

Entre as primeiras están as producidas polos reais decretos 2/1994, do 14 de xaneiro, e 827/1995, do 29 de maio, que modifican parcialmente o Regulamento xeral de retribucións do persoal das Forzas Armadas, e o Real decreto 6/1995, do 13 de xaneiro, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios destinados no estranxeiro. Entre as segundas cómpre destaca-la desaparición do Corpo de Mutilados de Guerra pola Patria, polo pase a retiro ou á situación de segunda reserva dos seus compoñentes e as referencias ó persoal de tropa e mariñeiría con menos de dous anos de servicio.

Por outra parte, o Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, modificou a adscrición ó grupo de clasificación dos brigadas, sarxentos primeiros e sarxentos, e o do persoal de tropa e mariñeiría que ten recoñecida a súa permanencia nas Forzas Armadas ata a idade de retiro, o que orixinou a promulgación do Real decreto 1844/1996, do 26 de xullo, que fixou as contías retributivas derivadas destas reclasificacións.

Por último, a nova Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, ó crear novos empregos, suprimi-la situación administrativa de dispoñible, varia-las denominacións dos militares de emprego e, fundamentalmente, ó decidir e regula-la plena profesionalización das Forzas Armadas, introduce modificacións que deben ter un adecuado reflexo no sistema retributivo militar en xeral e, de forma particular, no que respecta á citada profesionalización, para que quen aspire a se integrar nas Forzas Armadas como militar profesional poida obter compensacións económicas suficientes.

Por canto antecede, no exercicio da autorización concedida ó Goberno no artigo 152 da Lei 17/1999, anteriormente citada, para adecua-lo sistema retributivo dos membros das Forzas Armadas ó dos funcionarios civís da Administración do Estado, incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, adaptándoo á súa estrutura xerarquizada, ás peculiaridades da carreira militar e á singularidade dos cometidos asignados, cómpre aprobar un novo Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas que refunda as modificacións, suprima as partes en desuso e introduza as variacións aprobadas pola lei citada.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Defensa e por proposta conxunta dos ministros de Facenda e de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de xuño de 2001,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Aprobación.*

Apróbase o Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas, co texto que se insire a seguir.

Disposición adicional primeira. *Comisión Superior de Retribucións Militares.*

1. A Comisión Superior de Retribucións Militares será o órgano colexiado superior ó que corresponden

os cometidos de asesoramento na elaboración e desenvolvemento da política de retribucións do persoal militar.

2. A Comisión Superior de Retribucións Militares, integrada na Subsecretaría de Defensa, terá a seguinte composición:

- a) Presidente: o subsecretario de Defensa.
- b) Vicepresidente: o director xeral de persoal do Ministerio de Defensa.
- c) Vocais: dez, designados en número de un en representación dos seguintes centros e organismos: Dirección Xeral de Persoal, Dirección Xeral de Recrutamento e Ensino Militar, Dirección Xeral de Asuntos Económicos, Intervención Xeral da Defensa, Asesoría Xurídica Xeral da Defensa, Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Administracións Públicas, Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda; e do Exército de Terra, da Armada, e do Exército do Aire.
- d) Secretario: o subdirector xeral de Planificación e Custos de Recursos Humanos do Ministerio de Defensa.

3. Baixo a dependencia inmediata da Comisión Superior de Retribucións Militares funcionará unha Comisión Executiva, coa composición seguinte:

- a) Presidente: o director xeral de Persoal do Ministerio de Defensa.
- b) Vocais: os designados en representación da Dirección Xeral de Asuntos Económicos, Intervención Xeral da Defensa e Asesoría Xurídica Xeral da Defensa, da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Administracións Públicas, da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda; e do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.
- c) Secretario: o subdirector xeral de Planificación e Custos de Recursos Humanos do Ministerio de Defensa.

Ás reunións da Comisión Executiva poderán asistir, ademais, aqueles expertos que o presidente desta considere oportuno convocar en función dos asuntos que se vaian tratar.

4. Correspóndenlle á Comisión Superior de Retribucións Militares os seguintes cometidos:

- a) Emitir informe sobre as propostas de modificación das disposicións reguladoras de retribucións do persoal militar.
- b) Informar sobre os criterios de concesión do comprobante singular do complemento específico.
- c) Informar sobre os criterios de concesión e contías do complemento de dedicación especial.
- d) Emitir informe sobre calquera outra cuestión en materia de retribucións de persoal militar que someta á súa consideración o ministro de Defensa.
- e) Exerce-las funcións previstas no artigo 2.2 do Real decreto 469/1987, do 3 de abril, polo que se crean as Comisións Interministerial e Ministeriais de Retribucións.

5. A Comisión Executiva actuará, con carácter ordinario, por delegación da Comisión Superior de Retribucións Militares.

6. No non previsto por esta disposición, os órganos colexiados citados observarán o establecido no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional segunda. *Prazo para resolve-los procedementos.*

O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa, nos procedementos administrativos relativos a retribucións do persoal militar e indemnizacións por razón do servizo, será de seis meses.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

No momento da entrada en vigor deste real decreto quedarán derogadas as seguintes disposicións:

a) Real decreto 1494/1991, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de retribucións do persoal das Forzas Armadas, sen prexuízo do establecido nas disposicións transitorias do regulamento que se aproba por este real decreto.

b) Real decreto 2/1994, do 14 de xaneiro, polo que se modifica parcialmente o Regulamento xeral de retribucións do persoal das Forzas Armadas aprobado polo Real decreto 1494/1991, do 11 de outubro.

c) Real decreto 827/1995, do 29 de maio, polo que se modifica parcialmente o Regulamento xeral de retribucións do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1494/1991, do 11 de outubro.

d) Real decreto 1844/1996, do 26 de xullo, polo que se desenvolve o Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, con excepción do disposto na disposición adicional terceira.

e) Orde da Presidencia do Goberno do 22 de abril de 1974.

Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Forma de acreditarlo dereito a percibir retribucións.*

O ministro de Defensa, de conformidade co ministro de Facenda, dará as normas sobre a forma en que o persoal militar debe acreditarlo dereito a percibir haberes.

Disposición derradeira segunda. *Créditos.*

O Ministerio de Facenda habilitará os créditos necesarios para a plena efectividade do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xullo de 2001, aínda que, ata o día 1 de xaneiro de 2002, o incremento derivado da modificación das retribucións básicas e complementarias de carácter xeral daqueles empregos en que así se considera, será só do 50 por 100 do total previsto nos artigos 4 e 5 do regulamento.

A modificación dos importes das retribucións complementarias de carácter particular terá efectos económicos a partir do día 1 de outubro de 2001, sempre que fosen aprobados os criterios de asignación e, de se-lo caso, relación inicial de destinos con compoñente singular do complemento específico.

Dado en Madrid o 22 de xuño de 2001.

JUAN CARLOS R.

REGULAMENTO DE RETRIBUCIÓN DO PERSOAL DAS FORZAS ARMADAS

CAPÍTULO I

Normas xerais

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Este regulamento será de aplicación ós militares profesionais incluídos no artigo 2 da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.

Artigo 2. *Conceptos retributivos.*

O persoal a que se refire o artigo anterior só poderá ser retribuído polos conceptos que se regulan neste regulamento e nas condicións expostas nel.

Artigo 3. *Devengo de retribucións.*

1. As retribucións básicas e as complementarias, excepto as gratificacións por servizos extraordinarios, devengaranse e faranse efectivas por mensualidades completas e de acordo coa situación e dereitos do militar referidos ó día un do mes ó que os haberes correspondan, salvo nos seguintes casos en que se liquidarán por días:

- No mes de obtención do primeiro emprego militar.
- No mes en que se produza variación do emprego militar que implique cambio de grupo de clasificación.
- No mes en que se produza cambio de situación administrativa que orixine o cesamento ou a alta no percibo de retribucións, salvo que o cesamento o sexa por motivos de falecemento ou retiro.
- No mes en que se adquira ou se perda ou se renuncie á condición de militar.
- No mes en que se inicie ou finalice unha licenza por asuntos propios.
- Naqueles casos expresamente determinados neste regulamento.

2. As retribucións de vencemento non mensual devengaranse cando o órgano competente determine o dereito á súa percepción, como consecuencia da prestación dos correspondentes servizos.

3. Calquera acto administrativo que implique modificacións retributivas producirá efectos económicos a partir do día seguinte ó da súa publicación, salvo que nel se determine expresamente a data de tales efectos. Os ditos actos administrativos deben ser, ademais, notificados.

CAPÍTULO II

Das retribucións en xeral

Artigo 4. *Retribucións básicas.*

1. As retribucións básicas estarán constituídas polo soldo, os trienios e as pagas extraordinarias.

2. O soldo será o asignado a cada un dos grupos de clasificación a que se refire o artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública coas equivalencias por grupos de empregos militares que figuran no anexo I.

3. Os trienios estarán constituídos por unha cantidade fixa determinada en función dos grupos de clasificación sinalados na alínea anterior, perfeccionándose un cada tres anos de servizos efectivos, en calquera situación na que se recoñeza o tempo para estes efectos.

No caso de variación de emprego militar que leve consigo cambio de grupo de clasificación, o tempo transcorrido antes do cambio de grupo considerárase, para efectos de completar un trienio, como de servicios prestados no grupo en que se perfecciona.

O importe será o correspondente á contía fixada para cada grupo de clasificación en que cada trienio se perfeccionase.

Os militares cunha relación de servicios de carácter temporal non devengarán trienios.

4. As pagas extraordinarias serán dúas ó ano, por un importe cada unha delas dunha mensualidade do soldo e, de se-lo caso, de trienios e das pensións anexas á Cruz Laureada de San Fernando, Medalla Militar e Medallas do Exército, Naval e Aérea, devengándose de acordo co que o artigo 102.un da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, prevé para os funcionarios civís da Administración do Estado.

Artigo 5. *Retribucións complementarias.*

1. As retribucións complementarias poderán ser de carácter xeral e de carácter particular. As de carácter xeral estarán constituídas polo complemento de emprego e o compoñente xeral do complemento específico. As de carácter particular estarán constituídas polo compoñente singular do complemento específico, o complemento de dedicación especial e a gratificación por servicios extraordinarios.

Os complementos de emprego, específico e de dedicación especial correspóndense, respectivamente, cos complementos de destino, específico e de produtividade, recollidos na Lei 30/1984, do 2 de agosto, para os funcionarios civís.

2. *Retribucións complementarias de carácter xeral.*

1.º O complemento de emprego retribuirá a distinta responsabilidade segundo o emprego militar que se desempeñe, derivada do exercicio da profesión militar. Este complemento estará de acordo coa estrutura xerarquizada das Forzas Armadas. Os empregos de tenente e de alférez terán o mesmo complemento de emprego. Non o percibirán os soldados profesionais de tropa e mariñeiría con menos de dous anos de servicios.

A súa contía será a establecida para os niveis de complemento de destino asignados ós postos de traballo desempeñados polos funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 30/1984, do 2 de agosto, que se sinalan no anexo II.1; excepto os correspondentes ós oficiais xerais, a contía dos cales será a fixada no anexo II.2.

2.º O compoñente xeral do complemento específico é a parte do complemento específico que se percibe en función do emprego desempeñado, sen que iso supoña unha relación directa coa orde xerárquica, nas contías mensuais que se detallan no anexo III. O soldado profesional de tropa e mariñeiría con menos de dous anos de servicios non o percibirá.

3. *Retribucións complementarias de carácter particular.*

1.º O compoñente singular do complemento específico é a parte do complemento específico que retribúe as especiais condicións en que a unidade de destino desenvolva a súa actividade, así como dentro dela, as particulares ou singulares condicións de determinados destinos, a especial responsabilidade, preparación técnica, perigosidade ou penosidade.

Estableceranse para tales destinos catro tipos distintos de complemento específico, incompatibles entre si, para cada emprego militar. O tipo que corresponda a

cada destino deberá ser incluído na publicación da vacante.

A percepción polo persoal militar desta retribución complementaria durante un período de tempo non orixinará, en ningún caso, dereito a ela en destinos posteriores a aquel ó que lle dá orixe, tendo carácter permanente, para cada destino, mentres non se modifique a relación de destinos con dereito a este complemento.

O ministro de Defensa aprobará os criterios de asignación deste complemento.

A relación inicial de destinos con dereito a este complemento e a súa contía será aprobada por acordo do Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Facenda e de Administracións Públicas e por iniciativa do ministro de Defensa.

A modificación da relación de destinos que non supoña incremento de gasto será aprobada polo ministro de Defensa, con comunicación ós ministros de Facenda e de Administracións Públicas. Cando a citada modificación supoña incremento de gasto, deberá ser aprobada polo ministro de Facenda por proposta do ministro de Defensa e posteriormente comunicáraselle ó ministro de Administracións Públicas.

2.º O complemento de dedicación especial retribuirá o especial rendemento, a actividade extraordinaria ou a iniciativa con que se desempeñe o destino. A súa contía, que poderá estar diferenciada en distintos conceptos e tipos, estará referida a porcentaxes sobre o importe dos niveis do complemento de emprego.

O ministro de Defensa aprobará os criterios de asignación e as porcentaxes citadas deste complemento dentro dos créditos que se asignen especificamente para esta finalidade.

A percepción desta retribución complementaria durante un período de tempo non orixinará, en ningún caso, dereito respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, nin carácter permanente para un determinado destino.

3.º A gratificación por servicios extraordinarios fóra da xornada normal de traballo terá carácter excepcional e, en ningún caso, poderá ser fixa na súa contía, nin periódica no seu devengo. Concederáa o ministro de Defensa dentro dos créditos asignados para tal fin e nas contías que este determine.

Artigo 6. *Outras retribucións e indemnizacións.*

1. A axuda para vestiario percibirase nunha contía mensual de 3.549 pesetas (21,33 euros), cando o intereseado se encontre nas situacións de servicio activo, excedencia voluntaria por aplicación do artigo 141.1.f) da Lei 17/1999, en reserva, a non ser que cumprise as idades que se sinalan no número 1 do artigo 144 da lei citada, ou ben en reserva con destino. Os militares de complemento e os profesionais de tropa e mariñeiría non percibirán esta axuda durante o primeiro ano de servicio.

2. A indemnización por residencia percibirase segundo o disposto na lexislación sobre esta materia.

3. O complemento por incorporación percibirano os soldados profesionais de tropa e mariñeiría durante os dous primeiros anos de compromiso. A súa contía será de 16.173 pesetas (97,20 euros) mensuais.

4. O incentivo por anos de servicio percibirano os militares de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servicios de carácter temporal, nun pagamento único cada vez que cumpran as condicións que se determinen, sendo fixadas estas, e a súa contía, polo ministro de Defensa, logo de informe favorable do ministro de Facenda, tendo en conta as necesidades do planeamento da defensa militar, os anos de servicio e o soldo mensual que perciban.

5. As prestacións familiares percibiranse segundo o disposto na lexislación sobre esta materia.

6. As pensións de recompensas e de mutilación percibiranse de acordo coa súa lexislación específica, con independencia da situación militar do interesado e nas respectivas contías actualizadas nas leis de orzamentos xerais do Estado.

CAPÍTULO III

Retribucións segundo a situación administrativa

Artigo 7. *Servicio activo.*

1. O persoal militar profesional que se encontre ocupando algún dos destinos nas unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa, así como nos seus órganos directivos, a que se refiren os artigos 126 e 127 da Lei 17/1999, do 18 de maio, percibirá as retribucións básicas e complementarias de carácter xeral asignadas ó seu emprego.

Así mesmo, poderá percibi-lo compoñente singular do complemento específico, o complemento de dedicación especial e as gratificacións por servizos extraordinarios, así como as restantes retribucións, gratificacións ou indemnizacións recollidas nos artigos 6, 18 e 19, sempre que se cumpran as condicións previstas neste regulamento para a súa percepción.

2. Cando o militar profesional estea pendente de asignación de destino, percibirá as retribucións básicas e complementarias de carácter xeral asignadas ó emprego e as restantes retribucións recollidas no artigo 6 anterior, sempre que se cumpran as condicións previstas neste regulamento para a súa reclamación.

3. O persoal militar que se encontre nesta situación e ingrese nun centro militar de formación por promoción interna, permanecerá nela ata que acceda á nova escala, polo que no caso de militares de carreira e militares profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter permanente que durante ese período perfeccionen algún trienio, concederáselles do grupo correspondente ó que perciben as súas retribucións. No caso de militares de complemento e militares profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter temporal que durante este período completen o tempo necesario para o perfeccionamento dalgún trienio, este recoñeceráselles, ó accederen a militar de carreira, do grupo correspondente ó que percibían as súas retribucións naquel momento.

Artigo 8. *Servizos especiais.*

Na situación de servizos especiais percibiranse as retribucións do posto ou cargo efectivo que se desempeñe e non as que correspondan pola condición de militar.

Excepcionalmente, cando as retribucións por trienios e pensións de recompensas e mutilación recoñecidas, así como a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente, de se-lo caso, ós trienios e pensións citadas no artigo 4.4 deste regulamento non puidesen ser percibidas con cargo ós correspondentes orzamentos do organismo en que se preste servizo, deberán ser reclamadas e aboadas, en tal concepto, pola correspondente Pagadoría de Haberes do Exército a que se pertenza e pola Pagadoría do órgano central ó persoal pertencente ós corpos comúns das Forzas Armadas, logo de acreditación da dita circunstancia, co obxecto de evitar unha posible duplicidade na reclamación.

Artigo 9. *Excedencia voluntaria.*

1. Nesta situación non se devengarán retribucións, agás que se pasase a esta en virtude do disposto no artigo 141.1.f) da Lei 17/1999, do 18 de maio, caso no que se percibirán as que correspondan a teor da disposición adicional primeira.4 deste regulamento, computándose o tempo que transcorra nesta situación para efectos de trienios.

2. No caso de militares de carreira e militares profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter permanente que durante este período perfeccionen algún trienio, concederáselles do grupo correspondente ó que perciben as súas retribucións.

3. No caso de militares de complemento e militares profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter temporal que durante este período completen o tempo necesario para o perfeccionamento dalgún trienio, este recoñeceráselles, ó accederen a militar de carreira, do grupo correspondente ó que percibían as súas retribucións naquel momento.

4. Se o pase á situación de excedencia voluntaria se produce a teor dos supostos recollidos nos parágrafos a) ou b) do número 1 do artigo 141 da citada Lei 17/1999, do 18 de maio, continuarase percibindo os trienios que se teñan recoñecidos, así como a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente a este concepto, sendo todo isto reclamado e aboadado pola correspondente Pagadoría de Haberes do Exército a que se pertenza e pola Pagadoría do órgano central ó persoal pertencente ós corpos comúns das Forzas Armadas, se non pode aboalo o organismo no que prestan os seus servizos, logo de acreditación desta circunstancia, co obxecto de evitar unha posible duplicidade na reclamación.

5. En calquera caso, poderanse seguir percibindo as pensións de recompensas e mutilación que se tivesen recoñecidas.

Artigo 10. *Situacións de suspenso de emprego e de suspenso de funcións.*

Nestas situacións percibirase o 75 por 100 das retribucións básicas, así como a totalidade da prestación familiar e das pensións de mutilación e recompensas a que se puidese ter dereito, que serán aboadas pola correspondente Pagadoría do Exército ou do órgano central da estrutura na que se encontre encadrado e con cargo ós recursos económicos deste.

Artigo 11. *Reserva.*

1. Na situación de reserva percibiranse as retribucións básicas e un complemento de dispoñibilidade nunha contía igual ó 80 por 100 das retribucións complementarias de carácter xeral asignadas ó emprego correspondente.

2. Cando o pase á situación de reserva se produza por algunha das causas previstas nos parágrafos a) ou b) do número 2 do artigo 144 da Lei 17/1999, do 18 de maio, percibiranse as retribucións do persoal en servizo activo sinaladas no artigo 7.2 deste regulamento, ata cumpriren as idades que se sinalan no número 1 do artigo e lei citados.

3. O persoal en situación de reserva que ocupe destino percibirá na súa totalidade as retribucións previstas no artigo 7.1 deste regulamento.

4. Na situación de reserva procedente de reserva transitoria, percibiranse as retribucións básicas e complementarias de carácter xeral asignadas ó emprego correspondente, así como as de carácter persoal a que se teña dereito.

Non obstante, ó alcanzarse a idade que tiña fixada este persoal para pasar á reserva na Lei 17/1989, do 19 de xullo, e en todo caso ó cumprirse quince anos desde o pase á situación de reserva transitoria, percibiranse as retribucións que con carácter xeral se fixan para a situación de reserva no número 1 deste mesmo artigo.

5. Nesta situación percibiranse, ademais, as pensións de recompensas e mutilación que se tivesen recoñecidas.

6. As retribucións do persoal en reserva serán aboadas pola Pagadoría do órgano central, excepto as do persoal que ocupe destino, que serán aboadas pola correspondente Pagadoría do exército ou organismo na estrutura do cal se integre e con cargo ós recursos económicos deste.

7. O tempo transcorrido na situación de reserva será computable para efectos de trienios.

Artigo 12. *Comisións de servicio.*

1. Cando a un militar en servicio activo, pendente de asignación de destino, ou en situación de reserva sen destino, se lle encomende a realización dunha comisión de servicio que implique desenvolve-lo traballo dun posto que estea vacante, e que ten asignado o compoñente singular do complemento específico, este deberá serlle aboadado, así como o complemento de dedicación especial, se procede, nas contías correspondentes ó emprego que desempeña.

2. Cando un militar desempeñe en comisión de servicio un destino que se encontre vacante, sen perda do destino anterior, percibirá as retribucións que correspondan ó destino mellor retribuído e nas contías correspondentes ó emprego que desempeña.

3. O aboamento da totalidade das retribucións que lle correspondan será efectuada pola correspondente Pagadoría de Haberes do Exército ou do órgano central en que se encontre comisionado e con cargo ós recursos económicos deste, excepto se seguise percibindo as retribucións do seu destino, caso no que será esa Pagadoría a que efectúe a reclamación.

Cando a comisión de servicio se realice fóra do termo municipal onde radique a residencia oficial do comisionado, este percibirá ademais as indemnizacións por razón do servicio que puidesen corresponderlle de acordo coa lexislación vixente.

Artigo 13. *Licencias por asuntos propios.*

Durante o uso de licencia por asuntos propios non se percibirán retribucións, excepto as correspondentes ás pensións de mutilación ou de recompensas a que se puidese ter dereito, así como a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente ás citadas pensións, que serán aboadas pola correspondente Pagadoría do exército ou do órgano central en que se encontre encadrado e con cargo ós recursos económicos destes.

Artigo 14. *Perda ou renuncia da condición militar.*

A perda ou renuncia da condición militar levará consigo o cesamento no percibo de retribucións, excepto no que se refire ás pensións de recompensas e mutilación que se puidesen ter recoñecidas, así como á parte proporcional da paga extraordinaria correspondente ás primeiras, que serán aboadas pola Pagadoría do órgano central e con cargo ós recursos económicos deste.

CAPÍTULO IV

Retribucións en casos particulares

Artigo 15. *Do persoal militar incluído nas relacións de postos de traballo do Ministerio de Defensa.*

Os membros das Forzas Armadas que ocupen postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo do Ministerio de Defensa e os seus organismos públicos, percibirán as retribucións básicas correspondentes ó grupo de clasificación ó que pertencen de entre os mencionados no anexo I deste regulamento, e as complementarias asignadas ó posto que desempeñen.

Artigo 16. *Do persoal militar destinado no estranxeiro.*

O persoal militar destinado no estranxeiro percibirá as súas retribucións segundo o previsto no Real decreto 6/1995, do 13 de xaneiro, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios destinados no estranxeiro.

Os complementos de emprego e específico, tanto no seu compoñente xeral como singular, serán os derivados do disposto no artigo 5.2 e 5.3.1.º do presente regulamento, para os destinos correspondentes a unidades e programas militares, e no artigo 16 no caso de misións diplomáticas, representacións ou misións permanentes, delegacións, oficinas consulares, e institucións e servizos da Administración do Estado no exterior. Así mesmo, poderán percibir as restantes retribucións que puidesen corresponderlles.

Artigo 17. *Do persoal militar que participe ou coopere en operacións de mantemento da paz, humanitarias ou de evacuación de persoas no estranxeiro.*

O persoal das Forzas Armadas que participe ou coopere en operacións de mantemento da paz, humanitarias ou de evacuación de persoas no estranxeiro, percibirá as retribucións básicas e complementarias de carácter xeral que lle correspondan segundo o seu emprego e, de se-lo caso, o compoñente singular do complemento específico do destino, así como unha indemnización, que retribuirá as especiais condicións en que desenvolve a súa actividade o persoal militar participante nelas, durante a súa permanencia en territorio estranxeiro.

Esta indemnización determinarase o ministro de Defensa, logo de informe do ministro de Facenda, en función do tipo de misión e do país ou países en que se desenvolva esta, e será incompatible coas indemnizacións por razón do servicio previstas no Real decreto 236/1988, do 4 de marzo, sobre indemnizacións por razón do servicio, aboándose con cargo ós créditos especificamente aprobados para estas operacións.

O seu importe fixarase para cada emprego mediante a suma de tres conceptos: complemento de dedicación especial; unha porcentaxe, como máximo, do 100 por 100 da indemnización de residencia eventual, e unha porcentaxe, como máximo, do 100 por 100 do soldo, complemento de emprego e compoñente xeral do complemento específico.

As contías deste concepto retributivo aboaranse con periodicidade mensual, pero devengarase por días.

Artigo 18. *Do persoal militar que participe en navegacións no estranxeiro.*

O persoal das Forzas Armadas que participe en navegacións no estranxeiro non recollidas no artigo anterior, percibirá as retribucións básicas e complementarias de carácter xeral que correspondan segundo o seu emprego

e, se é o caso, as de carácter particular, así como unha indemnización que retribuirá as especiais condicións en que o persoal militar desenvolve a súa actividade. Esta indemnización estará constituída por unha porcentaxe diaria de soldo e trienios e será incompatible coas indemnizacións por razón do servizo previstas no Real decreto 236/1988, do 4 de marzo, así como coa indemnización regulada no artigo anterior.

As porcentaxes serán as seguintes:

a) Cando as navegacións se realicen no ámbito de países pertencentes á Unión Europea, será do 150 por 100.

O seu devengo comezará o día de saída do territorio nacional cara ó país ou países da Unión Europea e cesará o día de chegada ó territorio nacional, ou o día de saída con destino a outro país non pertencente á Unión Europea.

b) Cando as navegacións se realicen no ámbito de países non pertencentes á Unión Europea, será do 175 por 100.

O seu devengo comezará o día de saída do territorio nacional ou dun país pertencente á Unión Europea con destino a outro país non pertencente a esta, e cesará o día de chegada ó territorio nacional ou a un país pertencente á Unión Europea.

Artigo 19. *Do persoal militar médico e sanitario.*

1. O persoal militar, médico e sanitario, que ocupe postos de traballo nos centros hospitalarios militares que determine o ministro de Defensa, ademais das retribucións básicas e complementarias establecidas neste regulamento, poderá percibir un complemento de dedicación especial en concepto de "atención continuada" cunha contía, condicións e requisitos que determinará o ministro de Defensa.

A percepción deste complemento é incompatible coa do complemento de dedicación especial definido no artigo 5.3.2.º

2. As retribucións do persoal militar, médico e sanitario que ocupe postos de traballo coa condición de praza vinculada, de acordo co disposto no Real decreto 1558/1986, do 28 de xuño, polo que se fixan as bases xerais do réxime de concertos entre as universidades e as institucións sanitarias, coas modificacións producidas polo Real decreto 1652/1991, do 11 de outubro, serán as establecidas no artigo 28.dous, da Lei 13/2000, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2001.

Artigo 20. *Do persoal que use de permiso por maternidade ou paternidade.*

O persoal militar que, de conformidade co disposto no artigo 132 da Lei 17/1999, do 18 de maio, e artigo vixésimo da Lei 39/1999, do 5 de novembro, para a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras, se encontre disfrutando permiso por maternidade ou paternidade, manterá as mesmas retribucións que anteriormente estaba percibindo, en función do seu emprego e posto.

Disposición adicional primeira. *Alumnos do ensino militar de formación.*

1. Os alumnos dos centros docentes militares de formación e dos centros militares de formación, percibirán mensualmente o 60 por 100 do soldo do grupo D, sen dereito a pagas extraordinarias.

2. Os alumnos do ensino militar de formación, unha vez concedidos con carácter eventual os empregos de

alférez e sarxento, coas denominacións específicas determinadas nas normas de réxime interior dos centros militares de formación, devengarán o soldo nas porcentaxes que se indican a continuación:

a) Alféreces aspirantes á escala superior de oficiais, á escala de oficiais, á escala técnica de oficiais, e a militar de complemento: 60 por 100 do grupo B.

b) Sarxentos aspirantes á escala de suboficiais: 45 por 100 do grupo B.

Tamén terán dereito a percibir pagas extraordinarias en igual porcentaxe que a sinalada para o soldo. Estas pagas devengaránse de acordo co previsto no artigo 4.4 deste regulamento.

3. Os alumnos aspirantes a militar profesional de tropa e mariñeiría, ó finalizaren a fase de formación xeral, percibirán as retribucións correspondentes ó emprego con menos de dous anos de servizo.

4. Os alumnos do ensino militar de formación non devengarán retribucións complementarias, salvo nos períodos de prácticas en unidades previstos nos seus respectivos plans de estudo, nos que percibirán o 100 por 100 do complemento de emprego correspondente ó emprego efectivo equivalente ó seu, no caso dos alféreces e sarxentos alumnos, e do complemento de incorporación no resto dos casos, así como as retribucións recollidas nos artigos 18 e 19 deste regulamento, que puidesen corresponderlles.

Aínda que as contías de referencia responden a unha periodicidade mensual, estas aboaranse por días.

5. Os alumnos do ensino militar de formación non devengarán trienios. Non obstante, ó ingresaren nas escalas correspondentes como militares de carreira ou a unha relación de servizos de carácter permanente os militares profesionais de tropa e mariñeiría, computaráselles, para efectos de trienios, o tempo transcorrido a partir da data en que foron nomeados, con carácter eventual, alféreces ou sarxentos, ou soldados, así como o tempo de servizo prestado con anterioridade nas Forzas Armadas, ou na Administración do Estado, téndose en conta, para estes efectos, o disposto na disposición adicional sétima, no seu número 3, e nos artigos 7 e 9 deste regulamento.

6. Os militares que ingresen nos centros docentes militares de formación poderán optar, ó causaren alta administrativa no centro correspondente, entre percibir as súas retribucións de acordo co establecido nas alíneas precedentes ou continuar percibindo as retribucións correspondentes á súa anterior situación militar, con excepción do complemento de dedicación especial e de compoñente singular do complemento específico, se os viñesen percibindo.

Disposición adicional segunda. *Contías retributivas.*

As referencias a retribucións contidas neste regulamento e nos seus anexos enténdense sempre feitas a retribucións íntegras e valores vixentes no ano 2001.

Disposición adicional terceira. *Retribucións no estranxeiro.*

As referencias que o artigo 3, número 2, do Real decreto 6/1995, do 13 de xaneiro, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios destinados no estranxeiro, fai ós artigos 4.2 e 4.3 e tamén o artigo 6 do Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1494/1991, do 11 de outubro, entenderanse feitas ós artigos 5.2.1.º, 5.2.2.º e 5.3.1.º, e tamén ó artigo 16 deste regulamento.

Disposición adicional cuarta. *Trienios.*

1. Os trienios que perfeccionase o persoal militar afectado pola reclasificación aprobada polo Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, con anterioridade á súa entrada en vigor, continuarán valorándose de acordo co grupo de clasificación ó que pertencía no momento do seu perfeccionamento.

2. Os militares de complemento e os profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter temporal, que tivesen recoñecido algún trienio, como militar de emprego, perfeccionado con anterioridade ó 14 de abril de 1989 ou ó 1 de novembro de 1991, segundo fosen da categoría de oficial ou de tropa e mariñeiría, respectivamente, continuarán percibíndoo.

3. Os trienios perfeccionados con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento manteranse de acordo coas disposicións vixentes no momento no que se perfeccionaron, así como a exclusión do tempo do servizo militar obrigatorio para efectos de trienios, segundo a duración deste servizo nas sucesivas leis que o estableceron.

Disposición adicional quinta. *Reservistas.*

O persoal reservista recollido no título XIII da Lei 17/1999, de réxime do persoal das Forzas Armadas, cando sexa chamado a incorporarse ás Forzas Armadas para satisfacer as necesidades da defensa nacional, percibirá aquelas retribucións que se fixen no desenvolvemento regulamentario do citado título.

Disposición adicional sexta. *Persoal da escala da Garda Real.*

O persoal da escala da Garda Real percibirá as retribucións básicas e complementarias que se detallan no anexo IV.

Disposición adicional sétima. *Devengos durante a prestación do servizo militar.*

1. Os alféreces eventuais durante o período de prácticas, do servizo para a formación dos cadros de mando, percibirán unha retribución mensual equivalente ó 60 por 100 da suma do soldo e do complemento de emprego correspondente, e non percibirán pagas extraordinarias.

Durante o período de formación, ata obterem o emprego de alférez eventual, percibirán unha cantidade mensual, para atender os gastos persoais, e a gratificación por razón da mobilidade xeográfica, en igual contía que a tropa de continxente.

2. A tropa de continxente, durante a prestación do servizo militar, percibirá unha cantidade mensual para atender os gastos persoais, fixada nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado e as gratificacións que poida establecerlo ministro de Defensa, coa conformidade do ministro de Facenda, tendo en conta as previsións orzamentarias.

3. O tempo de prestación do servizo militar non computará para efectos de trienios.

Disposición transitoria primeira. *Persoal acollido á Lei do 17 de xullo de 1958.*

O persoal acollido á Lei do 17 de xullo de 1958, sobre pase voluntario de xefes e oficiais do Exército de

Terra ó servizo de organismos civís, rexeráse no que se refire ó seu réxime retributivo, polas súas disposicións específicas.

Disposición transitoria segunda. *Persoal en reserva.*

1. Os militares de carreira que pasen á situación de reserva ata o 30 de xuño do ano 2009, por aplicación da disposición transitoria décima, punto 3, da Lei 17/1999, do 18 de maio, percibirán as retribucións básicas e complementarias de carácter xeral, do persoal en servizo activo pendente de asignación de destino, ata que cumpran as idades previstas, segundo emprego, no número 1 do artigo 144 da citada lei.

2. Tamén percibirán as retribucións básicas e complementarias de carácter xeral do persoal en servizo activo pendente de asignación de destino, os coroneis que pasasen á situación de reserva, por aplicación da disposición adicional décimo sexta da Lei 31/1990, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1991, ata que cumpran as idades previstas no número 1 do artigo 144 da Lei 17/1999, do 18 de maio.

3. Os militares profesionais que pasen á situación de reserva por aplicación da disposición transitoria décima, número 1, da Lei 17/1999, do 18 de maio, unha vez cumprida a idade establecida para tal efecto na Lei 17/1989, do 19 de xullo, ou trinta e dous anos de tempo de servizos desde o acceso ás escalas superiores dos corpos xerais e de Infantería de Mariña ou ben que se encontren na situación de reserva por aplicación do número 2 ou dos parágrafos a) ou b) do número 1 do artigo 103 da Lei 17/1989, do 19 de xullo, percibirán as retribucións básicas e complementarias de carácter xeral do persoal en servizo activo pendente de asignación de destino, ata que cumpran as idades previstas, no número 1 do artigo 144 da citada Lei 17/1999, do 18 de maio.

4. Os oficiais xenerais dos corpos xerais e de Infantería de Mariña que pasen á situación de reserva, por aplicación da disposición transitoria oitava da Lei 17/1999, do 18 de maio, percibirán as retribucións básicas e complementarias de carácter xeral do persoal en servizo activo pendente de asignación de destino, ata cumpriren as idades previstas no número 1.a) do artigo 144 da citada lei.

Disposición transitoria terceira. *Complemento persoal e transitorio.*

1. Os militares que tivesen dereito ó complemento persoal e transitorio regulado nas disposicións transitorias terceira do Real decreto 359/1989, do 7 de abril, de retribucións do persoal das Forzas Armadas, e sétima do Real decreto 1494/1991, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de retribucións do persoal das Forzas Armadas, continuarano a percibir nas mesmas condicións fixadas nas ditas disposicións.

2. Os militares que como consecuencia do réxime retributivo establecido no presente regulamento experimenten unha diminución no total das súas retribucións íntegras anuais básicas e complementarias de carácter xeral, terán dereito a un complemento persoal e transitorio pola diferenza, que será absorbido por calquera futura mellora retributiva segundo os criterios que establezan as sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado. Para efectos da citada absorción, non se considerarán os trienios, o complemento de dedicación especial, as gratificacións por servizos extraordinarios, nin o complemento de produtividade, no caso de se percibiren.

3. Os complementos persoais e transitorios serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se pro-

duza, incluídas as derivadas de ascenso ou cambio de destino, segundo se regule nas distintas leis de orzamentos xerais do Estado.

Disposición transitoria cuarta. *Situación de segunda reserva.*

1. Os oficiais xenerais que se encontren en situación de segunda reserva percibirán as retribucións básicas e un complemento dunha contía igual ó 45 por 100 do complemento de emprego, no caso dos xenerais de exército, almirante xeneral, xeneral do aire, tenentes xenerais ou almirantes, e o 35 por 100 nos de xeneral de división ou vicealmirante e xeneral de brigada ou contraalmirante. Así mesmo, poderán percibir as pensións de recompensas ou mutilación que puidesen corresponderlles.

A partir do pase á situación de segunda reserva, non se perfeccionarán trienios, nin se cotizará ó réxime de clases pasivas nin ó réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas.

No caso de o importe íntegro anual das súas retribucións resultar inferior á pensión de retiro prevista para o persoal militar cos seus mesmos anos de servizo nas Forzas Armadas, e co límite máximo establecido anualmente para as pensións de clases pasivas, a diferenza resultante incrementaría a contía do complemento a percibir.

2. O persoal nesta situación que ocupe destino, percibirá as retribucións correspondentes ó posto de traballo que desempeñe en iguais condicións ca se estivese en servizo activo, se ben non perfeccionarán trienios nin cotizarán ó réxime de clases pasivas nin ó réxime especial de Seguridade Social das Forzas Armadas.

Disposición transitoria quinta. *Complemento de ascenso a tenente.*

O complemento por ascenso ó emprego de tenente compensará a perda real en cómputo anual de retribucións básicas e complementarias de carácter xeral, excluídos trienios, que puidesen experimentar os suboficiais ó accederen ó emprego de tenente por aplicación das disposicións transitorias quinta da Lei 17/1989, do 19 de xullo, e adicional oitava da Lei 17/1999, do 18 de maio.

O importe será a diferenza entre as retribucións anuais citadas dos empregos de tenente e suboficial maior para aqueles que procedan deste último emprego ou de tenente e subtenente, para aqueles que procedan dos restantes empregos de suboficial, en tódolos casos referidos á mesma situación administrativa.

ANEXO I

Grupos de clasificación por empregos militares

Grupos de empregos militares	Grupos de clasificación
De xeneral de exército/almirante xeneral/xeneral do aire a tenente/alférez de navío	A
De alférez/alférez de fragata a sarxento	B
De cabo maior a soldado (relación de servizos de carácter permanente) ...	C
De cabo primeiro a soldado (relación de servizos de carácter temporal)	D

ANEXO II

Complemento de emprego

1. *Oficiais xenerais*

Empregos	Importe mensual	
	Pesetas	Euros
Xeneral de Exército, Almirante Xeneral, Xeneral do Aire	226.560	1.361,65
Tenente Xeneral, Almirante	181.247	1.089,32
Xeneral de División, Vicealmirante .	163.486	982,57
Xeneral de Brigada, Contralmirante .	144.368	867,67

2. *Resto de empregos*

Empregos	Niveis
Coronel, Capitán de Navío	29
Tenente Coronel, Capitán de Fragata	28
Comandante, Capitán de Corveta	27
Capitán, Tenente de Navío	26
Tenente, Alférez de Navío	24
Alférez, Alférez de Fragata	24
Suboficial Maior	23
Subtenente	22
Brigada	21
Sarxento Primeiro	19
Sarxento	18
Cabo Maior	17
Cabo Primeiro	16
Cabo	14
Soldado con máis de dous anos de servizo	12

ANEXO III

Compoñente xeral do complemento específico

1. *Oficiais xenerais*

Empregos	Importe mensual	
	Pesetas	Euros
Xeneral de Exército, Almirante Xeneral, Xeneral do Aire	174.131	1.046,55
Tenente Xeneral, Almirante	174.049	1.046,06
Xeneral de División, Vicealmirante .	146.416	879,98
Xeneral de Brigada, Contralmirante .	119.238	716,63

2. *Resto de empregos*

Empregos	Importe mensual	
	Pesetas	Euros
Coronel, Capitán de Navío	97.544	586,25
Tenente Coronel, Capitán de Fragata	66.860	401,84
Comandante, Capitán de Corveta ..	41.576	249,88
Capitán, Tenente de Navío	35.360	212,52
Tenente, Alférez de Navío	11.475	68,97

Empregos	Importe mensual	
	Pesetas	Euros
Alfárez, Alfárez de Fragata	21.715	130,51
Suboficial Maior	78.590	472,34
Subtenente	63.272	380,27
Brigada	22.962	138,00
Sarxento Primeiro	19.626	117,95
Sarxento	10.691	64,25
Cabo Maior	34.504	207,37
Cabo Primeiro	22.721	136,56
Cabo	12.221	73,45
Soldado con máis de dous anos de servicio	12.220	73,44

ANEXO IV

Retribucións do persoal da escala da Garda Real

Empregos	Soldo		Complemento de destino		C. Específico normalizado	
	Pesetas	Euros	Pesetas	Euros	Pesetas	Euros
Cabo primeiro.	104.017	625,15	45.448	273,15	21.802	131,03
Cabo.	104.017	625,15	38.751	232,90	20.763	124,79
Garda.	104.017	625,15	32.062	192,70	19.958	119,95

(Este real decreto inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 152, de data 26 de xuño de 2001.)

XEFATURA DO ESTADO

12535 *LEI ORGÁNICA 2/2001, do 28 de xuño, sobre composición do Consello Xeral do Poder Xudicial, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. («BOE» 155, do 29-6-2001.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A modernización da xustiza que demanda a sociedade española ten que se cimentar no consenso sobre as bases fundamentais de funcionamento dun dos poderes do Estado, consenso que asegure que o poder xudicial actúa como poder independente, unitario e integrado, rexido por unha coherencia institucional comunmente aceptada que lle permita desenvolver coa máxima eficacia as súas funcións constitucionais.

Iso afecta loxicamente a composición e funcionamento do Consello Xeral do Poder Xudicial, órgano de goberno daquel, sobre a reforma do cal se forxou xa un amplo e fructífero acordo político. Sendo así que para a súa posta en práctica resulta preciso modifica-lo réxime vixente, contido nos artigos 112 a 116 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, propiciase agora a dita modificación, establecéndose un novo procedemento de designación dos vocais do Consello Xeral

do Poder Xudicial, e, concretamente, daqueles que han de ser propostos entre xuíces e maxistrados de tódalas categorías xudiciais, de acordo co prescrito no artigo 122 da Constitución.

Non é esta a única modificación da Lei orgánica do poder xudicial que vai propicia-la posta en marcha da ambiciosa reforma da xustiza que se desexa acometer. Moitos outros aspectos da dita reforma van provocar outros cambios importantes nesta lei orgánica, e, de feito, esta sucesión de textos lexislativos terá que facilitar tamén que o sistema de designación que agora se establece poida perfeccionarse nos seus detalles técnicos no futuro. Considerouse, sen embargo, especialmente oportuno adianta-la regulación contida nesta lei orgánica, dado que o acordo antes mencionado non se traduce tan só na conformación dun novo sistema de designación, senón que incorpora e se nutre do propósito compartido de prestixiar esta institución a tódolos niveis, atendendo, entre outras cousas, con máxima dilixencia a renovación da súa composición no prazo debido e sen as dilacións que no pasado a afectaron negativamente.

Dado que, conforme xa lles foi comunicado ás Cortes Xerais polo presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial, está próxima a expiración do mandato do actual Consello, resulta preciso modificar con prontitude este aspecto da lei orgánica para facer efectiva a designación do novo Consello co novo réxime xurídico e no prazo inmediato debido. Este propósito explica tamén que, xunto ó réxime xeral de designación que agora se establece nos novos artigos 112 a 116 da lei orgánica, se previsen algunhas especialidades transitorias que permitan facer efectivo o novo sistema desde esta primeira renovación.

Artigo único.

Dáselles unha nova redacción ós artigos 111 a 116 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, nos termos seguintes:

«Artigo 111.

O Consello Xeral do Poder Xudicial estará integrado polo presidente do Tribunal Supremo, que o presidirá, e por vinte membros nomeados por un período de cinco anos polo Rei, mediante real decreto referendado polo ministro de Xustiza, logo de proposta formulada conforme o disposto no presente capítulo.

Artigo 112.

Os doce membros que consonte o disposto no artigo 122 da Constitución han de integra-lo Consello entre xuíces e maxistrados de tódalas categorías xudiciais serán propostos para o seu nomeamento polo Rei de acordo co seguinte procedemento:

1. Poderán ser propostos os xuíces e maxistrados de tódalas categorías xudiciais que se atopen en servizo activo e non sexan membros do Consello saínte ou presten servizos nos órganos técnicos del.

2. A proposta será formulada ó Rei polo Congreso dos Deputados e o Senado, correspondendo a cada Cámara propoñer seis vocais, por maioría de tres quintos dos seus respectivos membros, entre os presentados ás Cámaras polos xuíces e maxistrados conforme o previsto no número seguinte.

3. Os candidatos serán presentados, ata un máximo do triple dos doce postos que hai que propoñer, polas asociacións profesionais de xuíces e maxistrados ou por un número de xuíces e maxistrados que represente, alomenos, o 2 por cento